

APERTURA DO ANO XUBILAR

A FRANQUEIRA, 8 DE DECEMBRO DE 2012

Ó comezo desta celebración tan especial, reciban un saúdo cheo de afecto para todos. Permitídemme saudar primeiro ó Sr. Bispo, quen hoxe nos preside, ós sacerdotes, diáconos e seminaristas, ós relixiosos e relixiosas, consagrados, ás autoridades civís que viñeron participar neste día de festa. A todos os que vos achegastes a este santuario para celebrar a Apertura do Ano Xubilar que nos concedeu o Santo Pai, o Papa Bieito XVI, a petición do Sr. Bispo D. Luis Quinteiro, con motivo dos 50 anos da Coroación Canónica da Virxe da Fonte da Franqueira. Reciban este saúdo, non so os que acudistes esta tarde, tamén facer chegar este saúdo xubiloso ás vosas familias, en especial ós nenos e xoves, ós que están pasando problemas laborais, ós enfermos e anciáns, ós que sofren e necesitan recibir unha palabra de consolo, ánimo e esperanza.

Non se podían imaxinar hai 1500 anos, os eremitas que vivían neste lugar, e que se puxeron baixo a protección da Virxe María, a transcendencia das súas vidas adicadas á oración e ó silencio.

Non podían pensar as xentes que descenderon monte abaixo a imaxe pétreo da Nosa Señora, que a fortaleza que transmite, seguiría a confortar e dar ánimo os corazóns cansos dos que aquí acuden.

Os peregrinos, que saciaron a sede da súa alma na fonte que abrollou ós pes da antiga ermida, que os que cada día peregrinan a este santuario sacian a sede de verdade, amor, paz e dalles novos azos para seren constructores do Reino.

Este solar no que nos reunimos é testemuña da vida dos monxes bernardos que coidaron con esmero o antigo e devoto mosteiro que garda a imaxe da Nai de Deus . lugar no que cada ano milleiros de devotos celebran as solemnes romarías que na honra da Virxe se celebran.

Permitídemme lembrar o que dicía Frei Xosé López Ortíz, Bispo da Diocese, no día 21 de xullo de 1963, na homilía da Coroación da Virxe da Franqueira:

“Nos parece que las coronas llevan incorporado un ruego sincero de todos: el de que esta fiesta tan esperada y deseada no pase, no tenga un mañana en que la podamos dejar en olvido; que nos haga siempre presente esta hermandad en la que en esta mañana nos hemos congregado, para que la practiquemos todos los días de nuestra peregrinación con todos los redimidos, los hijos de Dios y de María.”

25 anos despois, o Bispo D. Xosé Cerviño, non so lembrou o acontecemento tan importante, senón que consagrou toda a Igrexa Diocesana á Virxe da Fonte da Franqueira.

Hoxe, a piques de chegar ós 50 anos, vai ser aberta a porta deste santuario para que os peregrinos poidamos vivir con gozo e xúbilo estas vodas de ouro.

A Tí Virxe María, fonte de tódalas grazas, na túa honra achegámonos ó teu altar para cantar as loanzas ó noso Deus. A Ti, amparo da nosa fe, pedimos profesar, renovar, celebrar e vivir a fe recibida. A Ti, Raíña de misericordia e refuxio de pecadores, encomendamos as nosas almas para recibir a indulxencia e o amor. A ti, nai da Igrexa, pedimos a protección das nosas parroquias e comunidades. A Ti, serva do Señor, suplicamos que unas as nosas familias. A Ti, saúde dos enfermos, rogamos que alivies as dores dos que sofren.

A Ti, nai que sempre nos protexes, a Ti, queremos adicar este ano xubilar e na túa honra celebrar a nosa fe.

Grazas Nosa Señora. Grazas María, Inmaculada, peregrina da fe, esperanza segura e amor fermoso.